

Texto: **JACQUES PRÉVERT**
 Ilustracións: **MORDICAI GERSTEIN**
 Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**

Encadernado en cartón. 21,5x21,5 cm.

48 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "Para facer o retrato dun paxaro".

ISBN 978-84-15250-00-5

-Castelán: "Para hacer el retrato de un pájaro".

ISBN 978-84-15250-01-2

-Portugués: "Para fazer o retrato de um pássaro".

ISBN 978-989-8205-62-9

Prezo: 14 €

PARA FACER O RETRATO DUN PAXARO



**Pintar primeiro unha gaiola cunha porta aberta.
Despois pintar algo agradable, algo sinxelo, algo fermoso, algo útil para o paxaro.**

Esta fermosa fábula sobre a arte e a cretividade une un dos poemas máis sutís de Prévert, escrito en 1943, e o talento artístico de Gerstein. Destaca a orixinalidade coa que nos amosa a transición do mundo en tres dimensións ao plano bidimensional. A medida do tempo, o valor da pacencia, o modo no que se reflicte a natureza son outros alicientes desta obra. No fondo, trátase dunha reflexión filosófica sobre o efémero: capturamos momentos e impresións de canto observamos e ansiamos, pero apenas podemos retelo durante un tempo; debemos desprendernos, pois, dese afán por reter o que non nos pertence, para que a nosa mirada estea aberta a novas sensacións no futuro.



JACQUES PRÉVERT (Neuilly-sur-Seine, 1900 - París, 1977)

Poeta, autor teatral e guionista cinematográfico. A partir da década de 1920 participou en París no movemento surrealista, xunto con Raymond Queneau e Marcel Duhamel. Atribúelle a creación de prácticas artísticas como o "cadáver exquisito". En anos seguintes pertenceu ao grupo de teatro Octubre. Escribiu varias piezas para o director de cine Marcel Carné, entre os que figuran "Les enfants du paradis" (1945). Entre os seus libros máis coñecidos están "Paroles" (1946), algúns de cuxos poemas foron interpretados por músicos e cantantes como Joan Baez. Os seus versos tratan sobre a vida en París despois da II Guerra Mundial. O seu estilo xoga coas palabras e coa linguaxe, recorre a neoloxismos, dobres significados e metáforas insólitas que lle dan un sentido do humor especial.

MORDICAI GERSTEIN (Os Ánxeles, 1935)

Pintor e escultor, escritor, director de cine, ilustrador e autor de libros infantís. Estudou no Instituto de Arte Chouinard e posteriormente, en Nova York, traballou durante uns 25 anos realizando películas de animación para televisión. En 1980 empezou a escribir e ilustrar os seus propios libros. Foi galardoado coa Medalla Caldecott e co premio Boston Globe-Hornbook en 2004, entre outras distincións, tamén no ámbito cinematográfico.

- **Temática:** relato surrealista sobre o efémero
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** a transición do mundo tridimensional ao plano en dúas dimensións